



**EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DATA 4 de decembro de 2017**

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2017/5323

Dáse conta do escrito presentado por Dona **Paula María Placer González**, solicitando autorización para instalar dúas carpas na Praza de Galicia os días 22 e 23 de decembro para a celebración dun mercadillo (Grupo UNDERGROUND), formado por xóvenes músicos pertencentes ao Conservatorio.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/5324

Dáse conta do escrito presentado por **D. Alberto Gregorio Hernández Bergillos**, solicitando autorización para instalar tres carpas grandes na Praza de Galicia os días 2, 3 e 4 de xaneiro de 2018 para recadar fondos para un grupo de estudantes de 1º de Bacharelato do IES Castro Aobre para financiar unha viaxe cultural a Italia.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 4 de decembro de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 15/01/2018, que se aprobou por unanimidade.



- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/5478

Vista a proposta da Secretaria Xeral a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente ao seguro para o vehículo Peugeot Partner, matrícula 1128HCM, que foi adquirido para o Servizo Municipal de Alumado Público e Mantemento, conforme ao orzamento presentado por **MGS Seguros**, por importe de 74,17€, para o período de 22/11/2017 ata o 31/12/2017, con cargo á partida 920.224.

PRP2017/5480

Dáse conta de escrito da Xefatura Provincial de Tráfico de Pontevedra en contestación ao acordo da Xunta de Goberno Local de 9 de outubro de 2017, de solicitude de autorización para colocación de sinais con disco de velocidade a 30 km/h en varios puntos, indicando que se deberá dirixir a solicitude aos titulares das vías.

- Estradas N-640A e N-640, de titularidade do Estado.
- O resto das vías son de titularidade da Xunta de Galicia:
 - PO-192
 - PO-548
 - PO-301
 - PO-305
 - PO-549

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dirixirse ás Administracións titulares das estradas solicitando a autorización para a colocación de discos con velocidade a 30 Km/h nos seguintes puntos (travesías):

N-640-A (antiga) dende o P.K. 235,100 (cruce de Sta. Plácida)

N-640 (nova) dende a segunda glorieta despois da saída, no P.K. 234,800 (distribución hospital, Rubiáns-aldea e Rubiáns-estrada antiga)

PO-192 (estrada Vella de Bamio) P.K. 0,300 (fábrica de palés).

PO-548 (Pontecesures-Vilagarcía) dende o P.K. 16,200 (nova glorieta de circunvalación, comprendendo en todo ou parte as rúas Valentín Viqueira e Rosalía de Castro).

PO-301 (Pontearnelas-Vilagarcía) dende o P.K. 4,5 (lavadoiro de Coruxo).

PO-305 (Saiar –Vilagarcía) dende o P.K. 4,600 (cruce de Castrogudín)

PO-549 (Vilagarcía-Cambados)dende o P.K. 2,850(ata a rotonda do Rial).

PRP2017/5482

Dáse conta do escrito remitido polo **Servicio Provincial de Costas de Pontevedra** remitindo documentación sobre criterios a ter en conta na elaboración e explotación dos servizos de



temporada en praias, anuncios de información pública e solicitude de informe sobre as solicitudes de ocupacións temporais de dominio público marítimo-terrestre, conforme ao Art. 152.6 do Regulamento. O prazo de presentación das solicitudes finalizará o 2 de marzo de 2018.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.
Dar conta ao Comité de Praias e Medio Ambiente.

PRP2017/5484

Vista a proposta do Xefe do Servizo de Mantemento e Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Transportes y Construcciones Dieguez, S.L.** para a reforma da estrutura do pozo do bombeo de augas residuais de Baixada a Pasos (Cornazo), por un importe total de 10.404,79 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.210. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/5487

Dáse conta da entrega das obras por parte de ADIF, de adecuación e rexeneración realizada na finca de Pinar do Rei, parcela 764, situada no polígono 7, da zona 0 do termino municipal de Vilagarcía de Arousa, enmarcado dentro do acordo subscrito durante a execución das obras do "Eixo Atlántico de Alta Velocidade. Tramo Vilagarcía de Arousa-Catoira. Plataforma". A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/5488

Vista a proposta do Director da Área de Comunicación social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a Campaña Publicitaria de Nadal 2017, para edicións especiais nas que se fai repaso do acontecido durante o ano, por un importe estimado de 6.000 € para anuncios de prensa, radio e televisión, con cargo á partida 926.22602.

PRP2017/5489

Vista a proposta do Xefe do Servizo de Alumeado Público e Mantemento, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Equipos de Señalización y Control, S.A. (ESYCOSA)** para subministro de ópticas led de peóns máis bicicletas para o paso de peóns situado en Praza Ravella, por un importe total de 454.21 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22108. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/5493

Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **SEPYMEDICAL, S.L.U.** para o subministro dun Desfibrilador Semiautomático IPAD CU-S1P para os postos de primeiros auxilios, por un importe total de 1.464,10 € (IVE incluído), con cargo á partida 4591.213. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.



PRP2017/5496

Dáse conta do escrito remitido pola **Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, Unidade de Estradas en Pontevedra**, en relación coa viabilidade de camiño de servizo para acceso a parcelas N-640 P.K. 235+360 a PK 235 + 550 Rubians, no que indican que non se considera viable a execución do vial proposto, porque existe un acceso situado na parte posterior que dá servizo a esas parcelas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/5506

Dáse conta do escrito de **Dona Marta García Lago (Agencia Klip)**. A Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle a utilización das instalacións de Fexdega para a realización de SALÓN AROSA MOTOR (VI edición), do 23 de abril ao 4 de maio de 2018, debendo axustarse ás seguintes condicións:

Ata dez días despois da comunicación da concesión da solicitude

- Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter o cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento do evento, durante todo o período que abrangue o mesmo, e dicir dende a entrada o recinto ata a saída definitiva.
- Ingreso do importe do prezo establecido para o desenvolvemento do evento na conta da Fundación Fexdega (IBAN ES95-2080-5067-1931-1003-3948), por valor de 1.500 €.

Antes do inicio da montaxe

- Presentación do plan de autoprotección do evento, firmado por técnico competente e debidamente rexistrado, onde se dispoñan as actuacións ante as diferentes emerxencias que poden darse durante o evento. Coidarase especialmente a non modificación/supresión dos elementos existentes na instalación. No caso de modificarse/suprimirse a modificación/supresión deberá estar contemplada explicitamente no plan de autoprotección do evento.
- Presentación da cualificación pertinente das persoas que distribúan alimentos ou bebidas precintados en orixe. De ter que manipular alimentos/bebidas no recinto, deberá certificarse, ademais, o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración se realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.
- Deberá presentarse a documentación que acredite a contratación dos traballadores implicados no proceso de montaxe/desmontaxe e/ou no desenvolvemento da actividade. Os traballadores poráselles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación.
- Presentación dunha póliza de seguro por unha cantidade mínima de 300.000 €, que cubra a responsabilidade civil do promotor polo feitos que puideran acontecer nas instalacións a disposición do evento.
- Presentación de certificación de continuar de alta no IAE e na Seguridade Social

Antes da inauguración do evento

- As estruturas de montaxe estarán certificadas por técnico competente, e visadas polo colexio profesional correspondente, que garante a súa solidez estrutural, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Si dentro da montaxe das estruturas, existen instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc. os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

Consideracións xerais



- O promotor do evento responsabilizarase da limpeza do espazo que ocupe/use e, unha vez rematado o evento, deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores o inicio do mesmo
- Cumprimento estrito da lexislación en relación o consumo e venda de bebidas alcohólicas
- Deberá obedecelo disposto na Orde da Consellería de Xustiza relativa os horarios de apertura e peche. Así mesmo, tamén adaptará as emisións sonoras os límites establecidos na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións.
- A publicidade do evento, ou calquera outra cartelería ou similar deberá instalarse nos lugares habilitados para a mesma, de xeito firme e seguro, mantendo un nivel estético axeitado. Antes da súa instalación deberá ser valorada polo persoal de servizo do recinto. No caso de necesitarse autorización administrativa para a instalación da publicidade, correrá por conta do promotor a xestión da mesma.
- Se o evento non chegase a desenvolverse, por mor de situacións alleas a Fexdega, non procederá a devolución de cantidade algunha.

PRP2017/5507

Dáse conta do escrito de **Dona Marta García Lago (Agencia Klip)**. A Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle a utilización das instalacións de Fexdega para a realización do Salón Expocasa (II Edición) , do 11 ao 23 de maio de 2018, debendo axustarse ás seguintes condicións:

Ata dez días despois da comunicación da concesión da solicitude

- Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter o cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento do evento, durante todo o período que abrangue o mesmo, e dicir dende a entrada o recinto ata a saída definitiva.
- Ingreso do importe do prezo establecido para o desenvolvemento do evento na conta da Fundación Fexdega (IBAN ES95-2080-5067-1931-1003-3948), por valor de 1.500 €.

Antes do inicio da montaxe

- Presentación do plan de autoprotección do evento, firmado por técnico competente e debidamente rexistrado, onde se dispoñan as actuacións ante as diferentes emerxencias que poden darse durante o evento. Coidarase especialmente a non modificación/supresión dos elementos existentes na instalación. No caso de modificarse/suprimirse a modificación/supresión deberá estar contemplada explicitamente no plan de autoprotección do evento.
- Presentación da cualificación pertinente das persoas que distribúan alimentos ou bebidas precintados en orixe. De ter que manipular alimentos/bebidas no recinto, deberá certificarse, ademais, o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración se realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.
- Deberá presentarse a documentación que acredite a contratación dos traballadores implicados no proceso de montaxe/desmontaxe e/ou no desenvolvemento da actividade. Os traballadores poráselles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación.
- Presentación dunha póliza de seguro por unha cantidade mínima de 300.000 €, que cubra a responsabilidade civil do promotor polo feitos que puideran acontecer nas instalacións a disposición do evento.
- Presentación de certificación de continuar de alta no IAE e na Seguridade Social

Antes da inauguración do evento

- As estruturas de montaxe estarán certificadas por técnico competente, e visadas polo colexio profesional correspondente, que garante a súa solidez estrutural, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación.



Si dentro da montaxe das estruturas, existen instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc. os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

Consideracións xerais

- O promotor do evento responsabilizarase da limpeza do espazo que ocupe/use e, unha vez rematado o evento, deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores o inicio do mesmo
- Cumprimento estrito da lexislación en relación o consumo e venda de bebidas alcohólicas
- Deberá obedecelo disposto na Orde da Consellería de Xustiza relativa os horarios de apertura e peche. Así mesmo, tamén adaptará as emisións sonoras os límites establecidos na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións.
- A publicidade do evento, ou calquera outra cartelería ou similar deberá instalarse nos lugares habilitados para a mesma, de xeito firme e seguro, mantendo un nivel estético axeitado. Antes da súa instalación deberá ser valorada polo persoal de servizo do recinto. No caso de necesitarse autorización administrativa para a instalación da publicidade, correrá por conta do promotor a xestión da mesma.
- Se o evento non chegase a desenvolverse, por mor de situacións alleas a Fexdega, non procederá a devolución de cantidade algunha.

PRP2017/5511

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Tania García Sanmartín**, en representación da Plataforma Sanidade Pública, solicitando autorización para instalar unha carpa en Praza de Galicia os días 25 e 28 de novembro e 2 de decembro de 2017.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/5515

Dáse conta do escrito presentado por **Alcoholicos Rehabilitados Arousa**, solicitando autorización para instalar unha carpa na Praza de Galicia os días 2 e 16 de decembro, de 10 a 14 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.



- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/5519

Vista a proposta do Concelleiro Delegado da Área de Servizos e Relacións Viciñais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Kaeme Consultoría y Prevención, S.L.** para a realización dunha acción formativa denominada “Xestión de Comunidades de Montes”, destinado a persoas integrantes das Xuntas Reitoras das Comunidades de Montes de Vilagarcía de Arousa, por un importe total de 1.195,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 241.22799.

Acórdase así mesmo aprobar o modelo de solicitude de inscrición.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/5530

Vista a proposta do Concelleiro Delegado da Área de Servizos e Relacións Viciñais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Kaeme Consultoría y Prevención, S.L.** para a realización dunha acción formativa dirixida a veciños/as do Concello de Vilagarcía de Arousa denominada “Manexo de equipos mecánicos de corte e desbroce”, por un importe total de 4.795,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 241.22799.

Acórdase así mesmo aprobar o modelo de solicitude de inscrición.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/5502

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Mercedes Mondragón Betanzos**, solicitando autorización para poñer música con cadea musical, na terraza interior do establecemento “Café-Bar O Lar de Merchy”, situado en rúa Moreira nº 23 – Baixo, os días 7, 9, 12 e 31 de decembro, en horario de 20:00 a 02:00 horas.

A Xunta de Goberno Local acorda non conceder a autorización solicitada, dado que a parte posterior da terraza ten vivendas lindeiras, co que causaría molestias aos veciños.

PRP2017/3632

Vista a proposta do Enxeñeiro en Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa **Imatia Innovation, S.L.** o subministro dun programa informático que permita a integración da Sede Electrónica do Concello coa plataforma Cl@ve da Administración do Estado, por un importe de 4.840,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.64100.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.



PRP2017/5577

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os orzamentos presentados por **Construcciones Metálicas Cuevas, S.L.**, para a realización de reparacións en diversos centros escolares, por un importe total de 14.021,97 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.212, coa seguinte desagregación:

- CEIP RUBIÁNS: 1 porta batente: 3.277,32 €
- CEIP PIÑEIRIÑO: Visera en aceiro galvanizado-Sandwich: 3.952,61 €
- UNITARIA DE CORNAZO: Ventás + contras: 6.792,04 €

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/5578

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os orzamentos presentados por **Construcciones Metálicas Cuevas, S.L.**, para a realización de reparacións en centros escolares, por un importe total de 16.057,74 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.212, coa seguinte desagregación:

- CEIP CARRIL: 13 módulos reixas malla electrosoldada, por importe de 7.648,60 €
- CEIP A ESCARDIA: 5 módulos reixas + portal 2 follas, por importe de 8.373,14 €

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE RECURSOS HUMANOS

PRP2017/5495

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se realicen os trámites para a contratación de Auxiliares de Policía para o Servizo da Policía Local, por tratarse dun servizo esencial, ao obxecto de cubrir as necesidades de persoal estacionais por mor entre outras circunstancias do aumento notable da poboación no Concello durante a Semana Santa e os meses do verán, así como a celebración de diferentes eventos festivos, e dadas as circunstancias do cadro de persoal actual, con catro baixas, e de conformidade coas bases reguladoras establecidas e tal e como se ven realizando nos últimos anos:

- Cinco auxiliares: a partir do 1 de abril, por prazo de catro meses, prorrogable por dous mais.
- Cinco auxiliares: a partir do 1 de maio, por prazo de catro meses, prorrogable por dous mais.

Dar conta á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior aos efectos oportunos.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Benestar Social

PRP2017/5579

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social e Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Digamel Arousa, S.L.U.** para o subministro e instalación de tres radiadores na vivenda do Concello de Vilagarcía de Arousa destinada a fins sociais, por un importe total de 555,39 € (IVE incluído), con cargo á partida 231.62500.



Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

Emprego

PRP2017/5535

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2017, presentada por D. D. Ramón Vázquez Vázquez Núñez, en representación de **TOPIBER, S.L.**

Visto o informe emitido pola ADL (Mar Caramés) e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 1.500,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2017/5538

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica e con motivo da posta en marcha dunha campaña de apoio ao comercio local durante o tempo de Nadal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Dona M^a del Pilar Piñeiro Castro (REVITEX)** para o subministro de 600 m² de moqueta vermella para engalanar os comercios que así o desexen (1x2 m²/comercio), por un importe total de 1.531,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 4311.48501.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/5540

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Naútica Medusa, S.L.** para o subministro de traxes de neopreno, escafpíns e aletas, destinados ao Módulo de Socorristas, por un importe total de 2.296,92 € (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22199. (Prox. 3: 1/27/2017)

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2017/5541

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a **Kids&Us School of English** para a realización dunha actividade de contacontos denominada "Saving Christmas" no vestíbulo da Casa de Cultura, o día 16 de decembro, ás 12:00 horas, dirixida a nenos e nenas con idades comprendidas entre os tres e os dez anos.

Sanidade

PRP2017/5544



Dáse conta da solicitude de **D. Pablo Iglesias Santiago**, de permiso municipal de condutor ó seu favor, para conduci-lo vehículo adscrito á licenza de auto-turismo, clase B, nº 24, da que é titular D. Juan Manuel Muñiz Álvarez. Visto o informe técnico e a documentación presentada, acórdase acceder ó solicitado.

Aos efectos do establecido no art. 32.4 do Regulamento municipal dos servizos urbanos de transporte en automóviles lixeiros consta no expediente, contrato de traballo e resolución de alta do traballador no Réxime Xeral da Seguridade Social.

Mercados

PRP2017/5546

Dáse conta de solicitude de **Dona María Duran Vilar**, concesionario dos postos nº 40-41, da Praza do Peixe de Vilagarcía, de dispensa de doce meses no exercicio da actividade nos citados postos por motivos persoais.

Visto o informe do Xefe de Mercados, e tendo en conta o establecido no Artigo 30.3 do Regulamento Municipal de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle unha dispensa de dous meses dende a data de solicitude, prorrogables se persisten as circunstancias expostas na súa solicitude.

ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Xuventude

PRP2017/5554

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. Carlos Galbán Zaragoza (Duende Instrumentos Musicales)** para o subministro de diverso material para súa reposición nas salas 1, 2 e 3 dos locais de ensaio, por un importe total de 475,25 € (IVE incluído), con cargo á partida 2314.215.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/5555

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a colaboración coa Entidade Xuvenil “Arousa Moza” para a realización da actividade “O Tesouro de Nadal”, a celebrar o día 22 de decembro, de 18:00 a 21:00 horas, polas prazas, rúas e parques de Vilagarcía de Arousa, consistente na súa difusión en Radio e redes sociais e a impresión de 50 carteis.

Dar conta á Área de Comunicación.

PRP2017/5556

Dáse conta de proposta da Concellería de Xuventude informando dun cambio de datas na impartición do Curto de Curtametraxe, pasando a desenvolverse nas seguintes datas e lugares:

- Días 24 e 25 de novembro (Auditorio)
- Días 1 e 2 de decembro (Auditorio)
- Días 15 e 16 de decembro (Academia Aula Aberta).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e da a súa conformidade á modificación indicada.

PRP2017/5557



Dáse conta do contrato asinado entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Compañía Méndez Santos, S.L. para a realización do espectáculo da Toma das Uvas 2017, que se vai a realizar o día 31 de decembro de 2017 na Praza Ravela, cun importe de 7.623,00 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

